

## LEMBRE

A vixilancia é fundamental para detectar o máis rapidamente posible o lume e comunicalo aos medios de extinción.

O sistema de protección civil recolle e xera información sobre as emerxencias existentes e, unha vez avaliados os posibles riscos en función dos seus efectos, decide activar a situación de alerta.

Escoite os medios de radio e televisión e siga as recomendacións dadas polas autoridades de Protección Civil.

**A práctica da  
autoprotección polos  
cidadáns, ademais de  
favorecer a cada un deles,  
xera a seguridade do  
colectivo.**

**Ante calquera  
situación de emerxencia  
chame ao teléfono**

emerxencias **112** GALICIA

Para máis información  
[www.112sosgalicia.org](http://www.112sosgalicia.org)



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA  
Dirección Xeral de Protección Civil

# INCENDIOS FORESTAIS



Alertas e activación dos niveis 1 do Plan especial de Protección Civil Contra Incendios de Galicia

ANO	Alertas por incendios forestais	Activación do plan
2002	10.781	-
2003	8.553	-
2004	10.614	-
2005	10.043	36



## QUE FACER EN CASO DE EMERXENCIA

Os incendios forestais prodúcense cando o lume afecta aos combustibles vexetais naturais e propágase a través do monte.

## MEDIDAS DE PREVENCIÓN

Non faga nunca lume no bosque nin nos seus arredores.

Apague ben os mistos e cigarros e non os tire ao chan, nin pola ventá do coche.

Elimine a maleza dos arredores da súa casa.

Non abandone no monte botellas ou obxectos de cristal.

En épocas de risco de incendio, vaia ao monte sempre e cando se coñeza ben o terreo, as vías de comunicacións e camiños alternativos, é preferible facelo sempre por zonas de gran visibilidade.

## EN CASO DE INCENDIO

Se o lume é pequeno, atáqueo na súa base.

Se non se apaga facilmente, avise á Central de Incendios Forestais.

Trate de alonxarse polas zonas laterais do lume e sempre en sentido contrario ao da dirección do vento.

Procure non dirixirse cara a barrancos, vagoadas, nin intente escapar ladeira arriba cando o lume suba por ela.

Alónxese do incendio polas zonas máis desprovistas de vexetación e recorde que un cambio na dirección do vento pode facer que o lume o rodee.

Non intente atravesar a pé, ou con calquera tipo de vehículos a estrada afectada por fronte de lume ou con zonas de acumulación intensa de fume que impida a visibilidade. O conveniente é retroceder e buscar camiños alternativos.